

ACTA Nº 2017/2

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN DE SESIONS DA CASA DO CONCELLO, XOVES 20 DE ABRIL DE 2017 -

O día 20 de abril de 2017, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da sra. alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: D. BEATRIZ BASCOY MACEIRAS

ASISTEN:

BNG:

JUAN CARLOS RODRIGUEZ LAGO
JOSE MANUEL SOTO SANCHEZ
MARIA BEATRIZ BASCOY MACEIRAS
MAGIN FERNANDO LAGO TUIMIL
IRIA COUCE REGO

PP:

JORGE GONZALEZ ANEIROS
AQUILINO SUEIRAS DOPICO
ROCIO LUACES ANTON

AUSENCIAS:

PP

XULIO CRIBEIRO GARCIA

SECRETARIA. INTERVENTORA: CONSOLACION COUCE CALVO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión e, a continuación procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación das actas das sesións anteriores, ordinaria de 16 de febreiro de 2017 e extraordinarias de 22 de febreiro e 3 de abril de 2017

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, prestou a súa aprobación as actas das sesións anteriores:

- Ordinaria de 16 de febreiro de 2017
- Extraordinaria de 22 de febreiro de 2017
- Extraordinaria de 3 de abril de 2017

2.- Dación de contas das resolucións da alcaldía

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Rgto. de O.F. e R.X das Entidades Locais dáse conta o Pleno da Corporación das Resolucións adoptadas pola Alcaldía no período comprendido entre 14 de febreiro é o 13 de abril de 2017, é que son as seguintes

Nº	DATA	DESCRIPCIÓN
20	14-02-2017	Nomeamento funcionario interino
21	14-02-2017	Aprobación provisional do plan de sectorización do parque empresarial no solo apto para urbanizar SAU1
22	16-02-2017	Solicitud de subvención para a contratación dun técnico deportivo
23	17-02-2017	Formalización contratos menores para a redacción de proxectos de obras
24	21-02-2017	Cambio de data de celebración da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
25	21-04-2017	Recoñecemento de antigüidade do persoal laboral temporal do concello
26	23-02-2017	Recoñecemento de trienio a funcionario interino
27	27-02-2017	Solicitud de subvención para a contratación de persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación
28	02-03-2017	Delegación das competencias da Alcaldía
29	08-03-2017	Autorización de asistencia de funcionarios municipais a unha xornada formativa
30	08-03-2017	Cambio de data de celebración da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
31	08-03-2017	Baixa definitiva no servizo de recollida de lixo
32	13-03-2017	Autorización da celebración da feira do cabalo
33	16-03-2017	Expedición tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade
34	16-03-2017	Modificacións no servizo de axuda no fogar
35	21-03-2017	Autorización de uso do local social de Abade
36	30-03-2017	Solicitud de subvención para a prestación dos servizos sociais comunitarios
37	03-04-2017	Cambio de nome dun proxecto de obras
38	03-04-2017	Modificación do proxecto de obras denominado "acondicionamento do espazo do campo da feira"
39	04-04-2017	Emenda erro do decreto 37/2017
40	04-07-2017	Adhesión o programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios
41	04-04-2017	Autorización de asistencia de funcionarios municipais a unha xornada formativa
42	07-04-2017	Autorización de uso do local social de Abade
43	10-04-2017	Contrato menor para o servizo de atención de visitantes do castelo
45	10-04-2017	Aprobación da liquidación do presuposto de 2016
46	12-04-2017	Autorización uso do local social de Abade

A Corporación queda enterada

3.- Posta en coñecemento da Corporación da aprobación da liquidación do presuposto de

2016

En cumprimento do disposto na normativa vixente, ponse en coñecemento da Corporación a Resolución nº 45/201, que literalmente di:

ASUNTO: APROBACION DA LIQUIDACION DO PRESUPOSTO CORRESPONDENTE O EXERCICIO 2016 **EXPEDIENTE:** 2017/G003/000022

ANTECEDENTES:

Visto que con data 27 de marzo de 2017, foi incoado procedemento para aprobar a liquidación do Orzamento do exercicio 2016.

Visto que con data 3 de abril de 2017 foi emitido o Informe de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.

Visto que con data 3 de abril de 2017, foi emitido informe de Intervención, de conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

De conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e co art. 90.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sobre materia orzamentaria e de conformidade co establecido no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o art. 61.1.p) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do Orzamento Xeral de 2016, cos seguintes resultados:

RESULTADO PRESUPOSTARIO

CONCEPTOS	DER. REC. NETOS	OBRIG. REC NETAS	AXUSTES	RES. PRESUP.
a) Operacións correntes	971.839,78	879.150,24		92.689,54
b) Operacións de capital	172.748,62	186.645,73		-13.897,11
1.Total operacións non financeiras (a+b)	1.144.588,40	1.065.795,97		78.792,43
c). Activos financeiros				
d). Pasivos financeiros				
2. Total operacións financeiras				
RESULTADO PRESUPOSTARIO DO EXERCICIO (1 + 2)	1.144.588,40	1.065.795,97		78.972,43
AXUSTES				
4. Créditos gastados financiados con remanente de tesoureira para gastos xerais			13.252,15	
5.Desviacións de finazación negativas do exercicio			2.367,03	

6. Desviacións de financiación positivas do exercicio	6.695,51	
II TOTAL AXUSTES (II = 3 + 4 - 5)	8.923,67	
RESULTADO PRESUPUESTARIO AXUSTADO		87.716,10

REMANENTE DE TESOURERIA

CONCEPTOS	IMPORTES	
		TOTAIS
1.- (+) Fondos líquidos		76.245,05
2.- (+) Dereitos pendentes de cobro		239.684,29
- (+) Do orzamento corrente	222.849,13	
- (+) De orzamentos pechados	10.920,68	
- (+) De operacións orzamentarias	5.914,48	
3.- (-) Obrigas pendentes de pagamento		-137.435,76
- (-) Do orzamento corrente	29.373,57	
- (-) De orzamentos pechados	108.062,19	
- (-) De operacións orzamentarias		
4.- Partidas pendentes de aplicación		178.493,58
- cobros realizados pendentes aplicación definitiva		0,00
+ pagos realizados pendentes aplicación definitiva		0,00
I.- Remanente de tesoureira total		178.493,58
II.- Saldos de dubidoso cobro		-3.767,40
III.- Exceso de financiación afectada		-7.343,85
REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS		167.382,33

SEGUNDO. Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre, de acordo con canto establecen o art. 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e art. 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

TERCEIRO. Ordenar a remisión de copia de dita Liquidación (1) aos órganos competentes, tanto da Delegación de Facenda como da Comunidade Autónoma

4.- Posta en coñecemento da Corporación do informe sobre o cumprimento de prazos de pagamento do 1º trimestre de 2017

En cumprimento do establecido no art. 5º.4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas

operacións comerciais, tomou coñecemento do informe sobre o cumprimento dos prazos de pagamento das obrigacións correspondente o 1 trimestre de 2017 elaborado polos servizos económicos do Concello.

5.- Emenda de erros do acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión de 22 de febreiro pola que se aproba a solicitude de participación no POS +

Neste punto da orden do día dáse conta a Corporación de que foro detectados dous erros no acordo adoptado polo Pleno da Corporación, en sesión de data 22 de febreiro de 2017, polo que se aprobaba a solicitude de participación deste concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017" da Deputación Provincial da Coruña, que se concretan no seguinte

1. Na achega provincia 2016 inclúese a obra denominada *Pavimentación e mellora de camiños da rede viaria municipal*" cando nas bases da convocatoria establececese a prohibición de nomes xenéricos nos proxectos polo que a referida obra pasaría a denominarse *Pavimentación e mellora de camiños en Gundíao, Loureiro, Pico da Ferreira e outros*
2. No apartado G Resumo nos subtotais aparece unha achega do Concello a achega 2017 de 53.480,76€ que sumada a achega da Deputación daría un total de 216.340,63 cando na realidade non existe esa achega polo que o total sería 162.859,87 igual a achega 2017 de deputación

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes acorda a aprobación da emenda do acordo adoptado polo Pleno da Corporación, en sesión de data 22 de febreiro de 2017, polo que se aprobaba a solicitude de participación deste concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2017" da Deputación Provincial da Coruña nos seguintes termos:

1. Modificar o nome do proxecto de obra denominada *Pavimentación e mellora de camiños da rede viaria municipal*" incluída na achega provincia 2016 que pasaría a denominarse *Pavimentación e mellora de camiños en Gundíao, Loureiro, Pico da Ferreira e outros*
2. Modificar a liña dos subtotais referida a achega 2017 do apartado G.- Resumo na que debe figurar unha achega provincial de 162.859,87 € e unha achega do concello de 0,00 €, sendo o total da achega 2017 de 162.859,87

6.- Posta en coñecemento da corporación do convenio suscrito coa Fundación Enerxética de Galicia para promover o uso racional da enerxía

Pola Alcaldía dáse conta a Corporación do convenio suscrito coa Fundación Enerxética de Galicia para promover o uso racional da enerxía, que foi aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de marzo de 2017, quedando a Corporación enterada.

7.-Moción do Grupo Municipal do BNG relativa a distribución dos recursos da Xunta de Galicia

aos Concellos

De orde da Presidencia, sometese a consideración da Corporación a moción, presentada polo Grupo Municipal do BNG, que se transcribe

“O Plan Único de Concellos (POS+2017), aprobado pola Deputación da Coruña no pleno do 25 de novembro de 2016, é un modelo singular de cooperación entre a Deputación e os concellos que, entre outros obxectivos, pretende mellorar e simplificar as fórmulas de cooperación cos concellos, facilitándolles a tarefa de elaboración do seu orzamento anual, ao contar cunha previsión firme na aportación provincial, permitíndolle dar resposta a situacións e necesidades concretas de cada concello, simplificando ao mesmo tempo as tarefas administrativas, coa consecuente rebaixa na sobrecarga de traballo do persoal dos concellos. Cómpre destacar, así mesmo, que este plan de colaboración cos concellos contempla a distribución de fondos con criterios obxectivos (os criterios POS), uns criterios que suscitan un amplísimo e moi maioritario apoio entre os concellos da provincia. É, pois, un instrumento de cooperación que avanza claramente na transparencia do reparto dos fondos e que permite que os concellos teñan un marco referencial da achega total inicial da Deputación da Coruña, que, por outra parte, ten un carácter dinámico, xa que as propias bases do Plan recollen a posibilidade de incrementar a súa dotación orzamentaria con cargo aos remanentes que se xeren ao longo do exercicio. O Plan Único afonda igualmente no concepto de autonomía local, posto que facilita que os concellos destinen a achega provincial ás prioridades municipais de cada concello.

Outros aspectos positivos e innovadores a destacar do Plan Único da Deputación da Coruña son: primeiro, que non esixe aos concellos o seu cofinanciamento, como si lles esixen os “Plans Finalistas” que levan aparelado unha porcentaxe de endebedamento local, evitando con isto provocar que as administracións locais sigan aumentando as súas obrigas e a súa débeda; segundo, que ofrece un mecanismo aos concellos en dificultades para sanear as súas contas públicas; e terceiro, que facilita que se rebaixen os períodos medios de pago ás empresas, o que evita que os concellos con graves problemas económicos se vexan na obriga de reducir servizos ou de subir taxas e impostos aos seus veciños e veciñas para poder facerlle fronte ao seu déficit e/ou débeda.

Con este Plan Único de Concellos (POS+2017) a Deputación da Coruña está a marcar un novo camiño para outras administracións no ámbito da cooperación local. Só hai que salientar un dato comparativo: mentres a Deputación destina inicialmente ao Plan Único 74 millóns de euros para os 93 concellos da provincia (que ao final do exercicio 2017 prevese que poida alcanzar a cifra de 100

millóns), a Xunta de Galicia unicamente achega 120 millóns ao Fondo de Cooperación Local para os 313 concellos do país.

Por todo o exposto anteriormente, o BNG-Asembleas Abertas do Concello de Moeche solicítalle ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a que siga os pasos da Deputación da Coruña, transferindo directamente ao Fondo de Cooperación Local os recursos que o Goberno galego destina aos concellos, actuando con transparencia e obxectividade no reparto de fondos da Comunidade Autónoma. Estes criterios de transparencia e obxectividade deben tamén aplicarse ao conxunto dos plans e programas que desenvolva o goberno galego, contando sempre coa negociación previa coa FEGAMP."

Sometida a consideración a moción antedita resultou aprobada con CINCO (5) votos a favor e TRES (3) abstencións, dos srs/a González Aneiros, Sueiras Dopico e Luaces Antón

8.- Fora da orde do día

Previa ratificación de urxencia acordada por unanimidade dos asistentes, sometese o Pleno da Corporación a Moción do Grupo Municipal do BNG que se transcribe

MOCIÓN RELATIVA AO SUPERÁVIT DOS CONCELLOS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa ao superávit na liquidación orzamentaria municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministro de Economía vén de gabarse do cumprimento do obxectivo de déficit público do conxunto das administracións públicas en 2016. Na consecución de dito resultado, contribuíu decisivamente a xestión económica das corporacións locais, pois rexistraron un superávit por importe de 7.083 millóns de euros, un 0,6 por 100 do PIB. Non se trata, ademais, dun dato puntual, dado que desde 2012 o sector público local vén rexistrando superávits cada ano, que en termos agregados aproxímase aos 26.000 millóns de euros.

Malia este esforzo económico emprendido polos concellos, a recente publicación do Proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para 2017 mantén as restricións implantadas desde 2012 para o destino do superávit, aplicadas coa aprobación da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que no seu artigo 32 establece que o superávit obtido na liquidación orzamentaria destinarase a reducir o nivel de endebedamento neto. Estas restricións fóronse concretando posteriormente, primeiro a través da disposición adicional 6ª da LOEPSF

introducida pola LO 9/2013 de Control da débeda comercial, coa que se desenvolven os requisitos que deben cumprir os investimentos financeiros sustentábeis, e a continuación coas medidas que se foron prorrogando até hoxe.

Estas normas impoñen aos concellos regras moi restritivas á hora de poder destinar o superávit, mesmo no caso de se constatar –como acontece agora na maioría de entidades locais- un período

continuado de mellora das finanzas locais. O Goberno do Estado está a empregar o bo resultado económico das corporacións locais para axudar a conseguir o cumprimento dos obxectivos de déficit do conxunto de todo o Estado, cando ese comportamento orzamentario e económico positivo da maioría dos concellos debería ter unha repercusión directa nos mesmos.

Contrasta, por exemplo, que se manteñan as restricións e a exigencia económica aos concellos logo de anos de exemplaridade na xestión orzamentaria e financeira das facendas municipais, ao tempo que se permite unha ampla lasitude na extensión do gasto noutros servizos públicos, sen dúbida menos esenciais en tempos de crise económica e social para amplas capas da sociedade, como é o caso do incremento do gasto asociado aos servizos de defensa, nun 32 por 100.

A contención do gasto que se impón ás corporacións locais, ademais de inustificada da perspectiva económica, é arbitraria respecto doutras administracións e non garda relación coas preocupacións e necesidades das maiorías sociais. Contrasta que sendo as entidades locais cumpridoras de estritas obrigas nun escenario económico adverso, cando obteñen unha melloría nos seus resultados, teñan que continuar con limitacións severas mentres que outras políticas públicas, como a citada do gasto militar, xa non tiveron que afrontar unha contracción de gasto de tanto calado como a imposta aos concellos e agora son as que teñen a preferencia do Goberno central para expandir a capacidade de gasto.

Por todo iso, o Grupo municipal do BNG, presenta o seguinte

ACORDO

1. Instar ao Goberno do Estado a derrogar o artigo 32-1 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para que o noso concello poida destinar o superávit da liquidación orzamentaria á mellora dos servizos que se prestan á veciñanza.
2. Instar ao Goberno do Estado a reformar o resto de normativa vixente relativa ao destino do superávit das corporacións locais e aos criterios sobre investimento financeiramente sustentábel mentres non se proceda á modificación legislativa:
 - a) Para que poidan investilo en iniciativas e políticas relacionadas cos servizos públicos locais sen a necesidade de xerar novos ingresos e eliminando todos os condicionantes e limitacións vixentes.
 - b) Que os novos requisitos para definir os investimentos financeiros sustentábeis teñan en conta todas as competencias municipais básicas e o obxectivo de que todas as persoas accedan aos servizos públicos esenciais, a eliminación das desigualdades sociais, a mellora do equilibrio territorial e ambiental, e en xeral, o incremento da calidade de vida dos veciños e veciñas.
3. Instar á Xunta de Galiza a asumir este acordo e a demandar do Goberno do Estado a reforma da actual normativa que impide o investimento do superávit das corporacións locais galegas, nos termos explicitados no punto anterior.
4. Trasladar este acordo ao presidente do Goberno do Estado e presidente da Xunta de Galiza, grupos parlamentarios do Congreso e do Parlamento galego, para que se tramite a modificación da LOEPSF e a introducir as modificacións legislativas necesarias na tramitación dos orzamentos xerais do Estado

para 2017.

Sometida a consideración a moción antedita resultou aprobada con CINCO (5) votos a favor e TRES (3) abstencións, dos srs/a González Aneiros, Sueiras Dopico e Luaces Antón

9.- Actividade de control dos órganos de goberno

Aberto a quenda de rogos e preguntas fórmulanse as seguintes

D. Rocio Luaces Rey

- Pregunta si se ten previsto solicitar algunha axuda para a instalación de enerxías renovables nos edificios. Resposta a Alcadesa sinalando que se acaba de solicitar unha para instalar unha caldeira de biomasa en Abade, pero que son axudas que implican unha achega económica importante polo que esta previsto ir pouco a pouco, co aforro que se faga poder ir implantando mais
- Na sesión da Xunta de Goberno de 27 de febreiro aprobáronse 2 facturas de Electrosito, unhas de importe de 1.554,52 € por reparacións subministro eléctrico e outra de 2.178 pola mensuralidade do contrato de mantemento de instalacións eléctricas, pregunta si non son os mesmos conceptos, resposta a Alcaldía indicando que, non recorda a que se refire a factura de 1.554,52 € pero que as facturas que se pagan aparte corresponden os traballos realizados fora do contrato de mantemento e que se deben de axustar os prezos establecidos no contrato
- Houbo queixas pola caída dun cable en Loboriz, sen que o concello fixera nada en varios días, resposta a Alcaldía que se chamou a Deputación e eles dixeron que era cousa de Fenosa que tardou uns días en vir e foron cando dixeron que era cousa do concello e amañouse inmediatamente, de todas maneiras hai que indicar que no concello non se recibiu ningún aviso da aviría, todos os avisos que se recibiron foron atendidos rapidamente, parece ser que se colgaron no facebook pero iso non é maneira de avisar, o concello non pode estar pendente do facebook de todos os veciños.

E non habendo mais asuntos a tratar e sendo as 20 horas e 27 minutos do día indicado no encabezamento pola Presidenta levántase a sesión da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Consolación Couce Calvo

A alcaldesa, Beatriz Bascoy Maceiras